



## CONCELLO DE BEGONTE

### PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN URGENTE, DO SERVICIO DE FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL DO CONCELLO DE BEGONTE.

#### 1.- NECESIDADES A SATISFACER E OBXECTO DO CONTRATO.-

1.1 NECESIDADES A SATISFACER : O obxecto do presente contrato é aportar ao Concello de Begonte os medios persoais e materiais necesarios para desenvolvemento de accións formativas denominadas “formación profesional dual” necesarias para acadar o Certificado de profesionalidade (MAMD0209) TRABALLOS DE CARPINTERIA E MOBLE (R.D. 717/2011, do 20 de maio) cuxa cualificación profesional de referencia é MAM276\_1 TRABALLOS DE CARPINTERIA E MOBLE(RD 1136/2007 DE 31 DE AGOSTO) cun total de 220 horas de formación, así coma o Certificado de Profesionalidade (SEAG0209) LIMPEZA EN ESPAZOS ABERTOS E INSTALACIONES INDUSTRIAIS (R.D. 720/2011, DO 20 DE MAIO) cuxa cualificación profesional de referencia é SEA406\_1: LIMPEZA EN ESPAZOS ABERTOS E INSTALACIONES INDUSTRIAIS (R.D. 1179/2008 DE 11 DE XULLO), cun total de 130 horas de formación.

Ademais desas 350 horas, deberán prestarse outras 354 horas de formación complementarias, totalizando así 704 horas de actividade.

Asemade, son necesidades administrativas a satisfacer a prestación dos servizos administrativos tendentes á debida xustificación da subvención que se conceda para a financiación desta formación e a coordinación e control de calidade do curso.

1.2 OBXECTO DO CONTRATO.- O obxecto do contrato consistirá na realización de todas as accións necesarias para a impartición da formación profesional dual financiada ao concello de Begonte con cargo á “ ORDE do 13 de xuño de 2014 pola que se modifica a Orde do 30 de decembro de 2013, pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, das subvencións para o financiamento de formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe regulados polo Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.”.

A definición do obxecto do contrato se concreta no *proxecto formativo aprendiz de peón de mantemento de infraestruturas de madeira e limpeza* e que, consecuentemente, terá valor contractual.



## CONCELLO DE BEGONTE

Dito programa formativo poderá ser modificado no eido do procedemento de solicitude de financiamento cursada á Xunta de Galicia, sempre que non se modifiquen os certificados de profesionalidade indicados no presente prego.

Asemade, formará parte do obxecto do contrato:

-A prestación dos servizos administrativos derivados da execución do contrato e a confección de tanta documentación sexa necesaria para a debida xustificación da subvención outorgada ao Concello de Begonte.

- A súa coordinación e o control de calidade, nos termos fixados regulamentariamente.

### **2.- DURACIÓN DO CONTRATO.-**

A vixencia do presente contrato coincidirá coa duración da actividade formativa obxecto do contrato, e se estenderá ata o remate do prazo de xustificación da subvención e das prórrogas que poidan concederse.

### **3.- PREZO DO CONTRATO , FINANCIACIÓN E REVISIÓN DE PREZOS.**

3.1.- Prezo do Contrato : O orzamento máximo de licitación do presente contrato ascende á cantidade total de SETENTA E OITO MIL OITOCENTOS CORENTA E OITO (78.848,00 ) euros, IVE incluído, que se corresponden co desenvolvemento das 704 horas de formación por alumno e un prezo de 8,00 €/hora.

O contrato terá carácter plurianual, e se financiará con cargo aos orzamentos correspondentes aos exercicios 2014 e 2015, distribuíndose entre ámbolos dous exercicios en función da data de inicio da acción formativa.

A tódolos efectos entenderase que os contratistas, ó formularen as súas propostas económicas, incluíron dentro das mesmas tódolos gastos que a empresa debe realizar para o cumprimento das obrigas contratadas, como son os gastos xerais, financeiros, beneficios, seguros, transportes e desprazamentos, honorarios do persoal ó seu cargo que realicen a prestación dos servizos, taxas e toda clase de tributos, en especial o IVE, e, en xeral, cantos gastos deba realizar a empresa para o cumprimento das obrigas contratadas.

#### 3.2.- Financiación :

O presente contrato financiase do seguinte xeito :

- 39.200,00 euros, con cargo ao Servizo Público de Emprego do Estado ( SEPE )

- 39.648,00 euros, con cargo á Consellería de Traballo e Benestar.



## CONCELLO DE BEGONTE

3.3.- Revisión de Prezos : Non hai revisión de prezos.

### **4.- PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.**

O procedemento de licitación será o procedemento aberto – con tramitación urgente – conforme ao previsto no art. 157 do TRLCSP, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición , quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

### **5.- GASTOS A ABOAR EN CASO DE RENUNCIA OU DESESTIMENTO.-**

En caso de renuncia ou desestimento, compensarase a cada un dos licitadores polos gastos debidamente xustificadas. Non obstante, esta indemnización non superará en ningún caso o límite de 100 €.

### **6.- SOLVENCIA ESIXIBLE.-**

Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira, técnica ou profesional a través dos seguintes medios:

#### **6.1. Solvencia económica**

Volume anual de negocios superior ao dobre do valor do contrato.

#### **6.2 Solvencia técnica:**

Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos, relacionados coa impartición de Certificados de Profesionalidade, que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, destes. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente ou ben mediante declaración xurada do empresario.

A devandita relación deberá acreditar a impartición dun mínimo de 9.000 horas de formación financiada con cargo ao Fondo Social Europeo. Na acreditación deberá constar inescusablemente a denominación, número e código do curso impartido, data de inicio e fin, materia e número de horas de formación; ademáis de facer constar o procedemento administrativo, para a súa comprobación .



## CONCELLO DE BEGONTE

### 7.- GARANTÍAS.-

De conformidade co establecido no artigo 95 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, (TRLCSP) establécese unha garantía definitiva do 5% do prezo de adjudicación, excluído o IVE, que poderá constituírse por calquera dos medios previstos no artigo 96 do citado Real Decreto Legislativo, salvo mediante retención de prezo.

### 8.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.-

8.1.- Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Os licitadores deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

8.2.- Os interesados poderán presentar as súas proposicións no prazo dos **oito ( 8 ) días naturais** seguintes ao de publicación do correspondente anuncio de licitación no perfil de contratante e no B.O.P de Lugo, de 9:30 a 14:30 horas, no Rexistro xeneral do Concello de Begonte, por correo, por telefax, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximes Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax (982-39.60.27) ou telegrama no mesmo día, consignándose o título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio.



## CONCELLO DE BEGONTE

Transcorridos, non obstante, dez días naturais dende a indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

Os pregos de condicións administrativas particulares poderán obterse no perfil de contratante accesible na dirección electrónica seguinte : [www.concellodebegonte.es](http://www.concellodebegonte.es)

As empresas ou empresarios individuais que desexen participar na licitación deberán presentar tres sobres.

No **SOBRE NÚMERO 1** constará a seguinte documentación:

**1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica:** Os empresarios individuais, copia auténtica do DNI; os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos por o que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.

A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

**2º) Documentos acreditativos da representación:** Cando a solicitude e, no seu caso, a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor daquel quen ou daqueles quen subscriban a proposición xunto cunha copia auténtica do Documento Nacional de Identidade do ou os apoderados.

**3º) Documento acreditativo de non estar incurso en prohibición de contratar** que incluírá a manifestación de acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo das cales a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da formalización, polo empresario a cuxo favor se vaia efectuar esta.



## CONCELLO DE BEGONTE

As empresas comunitarias, non españolas, poderán acreditar que non están incursas en prohibición de contratar mediante os certificados de clasificación ou documentos similares que acrediten su inscripción en listas oficiais de empresarios autorizados para contratar establecidas polos Estados membros de la Unión Europea o mediante certificación emitida por organismos que respondan ás normas europeas de certificación expedidas de conformidade coa lexislación do Estado membro en que estea establecido o empresario. Os devanditos documentos deberán indicar as referencias que que permitisen a inscripción do empresario na lista ou a expedición da certificación, así como a clasificación obtida.

### **4º) Documentos acreditativos da solvencia.**

**5º) Documentación adicional esixida a todas as empresas estranxeiras.** As empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato vaia executarse en España, deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

**6º) Domicilio e Dirección correo electrónico.** Todos os licitadores deberán sinalar un domicilio e unha dirección de correo electrónico para a práctica de notificacións.

**7º) Documento de compromiso de constituír unha Unión Temporal de Empresas:** Nos casos en que varios empresarios concorran agrupados en unión temporal achegarán ademais un documento, que poderá ser privado, no que, para o caso de resultar adxudicatarios, se comprometan a constituíla. Este documento deberá ir asinado polo representante de cada unha das empresas e nel expresarse a persoa a quen designan representante da UTE ante a Administración para todos os efectos relativos ao contrato, así como a participación que a cada un deles corresponda na UTE.

A acreditación das circunstancias mencionadas nos apartados 1,2,3,4 e 6 do apartado anterior poderase realizar mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, ou mediante un certificado comunitario de clasificación. Neste caso deberá acompañarse á mesma unha declaración responsable do licitador na que manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación. Esta manifestación deberá reiterarse, en caso de resultar adxudicatario, no documento en que se formalice o contrato, sen prexuízo do cal o órgano de contratación poida, se o considera conveniente, efectuar unha consulta ao Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas.



**O SOBRE Nº 2. Subtitulado Proposición relativa aos criterios de adxudicación NON avaliábles mediante fórmulas matemáticas (subxectivos)** para a licitación mediante procedemento aberto do Servizo de Formación Profesional Dual do Concello de Begonte.

A documentación que se presente neste sobre deberá ser aportada obrigatoriamente, en dous formatos: en formato papel con páxinas numeradas correlativamente e en soporte informático (2 unidades idénticas en CD non regrabable identificadas exteriormente co nome do licitador e a denominación SOBRE Nº 2) quedando excluídas da valoración aquelas empresas que non aporten toda a documentación en ámbolos dous tipos de soporte.

Tanto a documentación en soporte papel como a dos dous soportes informáticos terán exactamente o mesmo contido. Calquera variación ou discrepancia entre os distintos soportes invalidará automaticamente a oferta.

**O SOBRE Nº 3. Subtitulado Proposición económica e oferta relativa aos criterios de adxudicación avaliábles mediante fórmulas matemáticas (obxectivos)** para a licitación mediante procedemento aberto do Servizo de Formación Profesional Dual do Concello de Begonte.

Conterá a oferta económica de valoración mediante cálculo matemático ou obxectiva, e na que se expresará:

- O prezo do contrato.
- Certificado 9001:2008 ou documento ou certificado equivalente.
- Compromiso de adscrición de medios persoais á prestación do contrato e, en concreto:
  - a).-Número total de horas ofertadas de docencia para a impartición da formación práctica.
  - b).-Compromiso de adscrición en exclusiva á prestación do obxecto do contrato dun traballador con cualificación de administrativo.
  - c).-Compromiso de adscrición en exclusiva á prestación do obxecto do contrato dun traballador que desempeñe as funcións de coordinación do curso.



## CONCELLO DE BEGONTE

### **9.- FORMA DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS.-**

A documentación para as licitacións presentarase en sobres pechados, identificados, no seu exterior, con indicación da licitación á que concorran e asinados polo licitador ou a persoa que o represente e indicación do nome y apelidos ou razón social da empresa. No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido, enunciado numericamente.

### **10.- REQUISITOS DAS OFERTAS.-**

As ofertas dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas, e a súa presentación supoñerá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das devanditas cláusulas e do proxecto formativo sen salvidade ou reserva ningunha.

As ofertas serán secretas y arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento en que deba procederse á apertura en acto público das mesmas.

Cada licitador non poderá presentar mais dunha proposición.

Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en mais dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

Non se admite a presentación telemática de proposicións.

### **11.- MESA DE CONTRATACIÓN.-**

Constitúese unha mesa de contratación integrada polo sr. Alcalde do Concello en calidade de Presidente, o Secretario-Interventor da Corporación , o 2º Tenente de Alcalde e concelleiro-delegado de Emprego, a Técnico de Desenvolvemento Económico e Social, e un funcionario en calidade de Secretario da Mesa.

### **12.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.-**

A mesa de contratación reunirse en sesión constitutiva o segundo día hábil posterior ao da finalización do prazo de presentación de ofertas.





## CONCELLO DE BEGONTE

No devandito acto cualificará a documentación presentada en tempo e forma, requirindo, de observar deficiencias u omisións, a correspondente emenda no prazo máximo e improrrogable de dous días.

Os requirimentos de emenda poderán realizarse mediante correo electrónico, fax ou calquera outro medio que permita súa constancia.

No suposto de que non sexa necesario requirir a emenda de erros ou omisións, a mesa de contratación procederá á apertura do sobre número 2, dando lectura en viva voz ao seu contido e efectuando a valoración das ofertas presentadas.

Unha vez efectuada a valoración dos elementos expresados no sobre número 2 e publicado o resultado desta valoración no perfil de contratante da entidade, convocarase á mesa para a celebración de acto público a apertura e valoración do sobre número 3, trala cal se formulará a proposta de resolución.

Formulada a correspondente proposta de resolución pola mesa de contratación, elevarase á Xunta de Goberno Local para a súa adxudicación.

A publicación dos sucesivos actos de licitación efectuaranse no perfil de contratante do Concello de Begonte, accesible a través da dirección electrónica.

### **13.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS.-**

#### **I.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS (OBXECTIVOS).**

Serán os seguintes por orde decrecente :

**Ata 32 puntos:** Compromiso de adscrición de medios persoais á prestación do contrato, que se puntuará do seguinte xeito:

- Bolsa de formación práctica: ata 12 puntos. Este valor obterase mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación} = \text{Od} / \text{Md} \times 12$$

*Md = Mayor incremento de numero de horas de docencia ofertadas = suma das horas impartidas pola totalidade dos docentes na formación práctica.*

*Od = incremento do numero de horas de docencia ofertadas na oferta a valorar = suma das horas impartidas pola totalidade dos docentes na formación práctica.*

*O número mínimo de horas de docencia práctica é de 160 horas. Non se puntuarán os incrementos en tanto excedan de 1600 horas.*



## CONCELLO DE BEGONTE

- Compromiso de adscrición en exclusiva á prestación do obxecto do contrato dun traballador con cualificación de administrativo: 10 puntos.
- Compromiso de adscrición en exclusiva á prestación do obxecto do contrato dun traballador que desempeñe as funcións de coordinación do curso: 10 puntos.

**Ata 10 puntos:** Disponibilidade do certificado ISO 9001:2008 ou documentos de idoneidade técnica europeos, outros sistemas de referencias elaborados polos organismos europeos de normalización ou certificados equivalentes

**Ata 5 puntos:** Prezo do contrato, de xeito que se valorará con 0 puntos ao prezo base de licitación, con 5 puntos á mellor oferta presentada, obténdose as restantes puntuacións de xeito proporcional.

### II.- CRITERIOS NON AVALIBLES MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS. (SUBJECTIVOS ).

**Ata 20 puntos :** Proxecto de Actividade.

Os distintos aspectos que serán obxeto de valoración serán os seguintes:

a).- A organización, xestión, metodoloxía, funcionamento do servizo, protocolos de seguimento, medios técnicos, materiais e humanos así como a adecuación do proxecto de actividade á realidade social, económica e xeográfica do concello.....Máximo 10 puntos.

b).- Os sistemas de coordinación dos traballos cos técnicos municipais, especificando as funcións de coordinación e supervisión, as tarefas de xustificación ante os Organismos Públicos que financian a actividade, programa informático e aplicacións utilizadas nesta coordinación e xustificación..... Máximo 10 puntos.



## CONCELLO DE BEGONTE

### **14.- ADXUDICACIÓN.-**

A adxudicación acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada na que se concretarán e fixarán os termos definitivos do contrato.

Trala notificación da adxudicación e previamente a súa formalización ou adxudicatario deberá presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluíra ademais a certificación de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva.

Cando os licitadores concorran en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución deberá aportarse antes da formalización do contrato.

### **15.- MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO.-**

15.1 Modificación do Contrato : Serán causas de modificación do contrato , ademais das previstas na lexislación contractual, as seguintes:

- A modificación dos lugares de impartición das accións formativas.
- A modificación do programa formativo, en cumprimento de requerimentos ou suxerencias procedentes da Xunta de Galicia no eido da relación de financiamento.
- A variación do número de alumnos.

Ditas causas de modificación, salvo a variación do número de alumnos, non dará lugar á modificación do prezo do contrato.

A variación do número de alumnos dará lugar a un incremento ou baixa do prezo do contrato en función dos módulos de custo/alumno/hora financiado.

15.2 Resolución do Contrato : Serán causas de resolución do contrato:

- A variación do número de alumnos que determine a imposibilidade de acadar o número mínimo necesario para o financiamento do programa.
- O ditado de actos sobrevidos da Xunta de Galicia que impliquen a perda ou minoración do financiamento por causas non imputables ao contratista.
- O incumprimento do programa de formación, de xeito que sexa previsible a imposibilidade de acadar os certificados de profesionalidade dentro do período programado.
- As restantes previstas na lexislación contractual.



## CONCELLO DE BEGONTE

### **16.- CONDICIÓN ESPECIAIS DE EXECUCIÓN.-**

A execución do contrato realizarase con escrupuloso respecto da normativa estatal, autonómica e europea reguladora da formación profesional dual e dos seus mecanismos de financiamento.

A tal fin, a empresa adxudicataria deberá manter aberto un canle de comunicación permanente cos interlocutores responsables da Xunta de Galicia, a fin de garantir a correcta prestación do obxecto do contrato.

A perda –total ou parcial- do financiamento da actividade formativa por inadecuación da formación aos requisitos normativos, ao programa formativo aprobado ou por insuficiencia ou incorrección da documentación xustificativa achegada polo contratista, será repercutida a este como suposto específico de responsabilidade contractual.

De ofertarse a adscrición en exclusiva de un traballador administrativo ou coordinador da actividade de formación, este deberá desenvolver as súas funcións nas dependencias que se habiliten a tal efecto na Casa Consistorial do Concello de Begonte, de luns a venres en horario de apertura ao público, cunha adicación de 30h/semanais e durante 12 meses.

A bolsa de horas de docencia de formación práctica avaliábel materializaranse mediante a contratación dun (ou varios) monitores cos requisitos esixidos para a impartición da docencia necesaria para a expedición de certificado de profesionalidade. Estas horas de docencia se adicarán á formación práctica das unidades formativas de natureza práctica (160 horas) e, no exceso, á monitorización das prácticas remuneradas baixo o contrato laboral, coa distribución horaria que estableza o concello.

### **17.- LEXISLACIÓN LABORAL E DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.-**

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade e saúde no traballo e de Seguridade Social.



## CONCELLO DE BEGONTE

### **18.- ABONOS AO CONTRATISTA.**

O importe da adxudicación será satisfeito ao contratista adxudicatario coa mesma periodicidade que se produzan os abonos ao concello por parte das Administracións Públicas que financian a actividade formativa e todo elo sen prexuízo da expedición por aquel da correspondente factura con carácter mensual.

### **19.- GASTOS POR CONTA DO CONTRATISTA.-**

Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de licitación , adxudicación e formalización , así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.

### **20.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.-**

O contrato terá carácter administrativo, e ámbalas dúas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos das Administracións Públicas e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución e disposicións de desenvolvemento.

Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

De xeito cualificado terá carácter contractual:

- O Prego de Condicións ou Cláusulas Administrativas
- O Prego de Prescricións Técnicas.
- A Normativa reguladora da formación profesional dual.
- A Normativa reguladora do financiamento que se conceda ao concello.

Begonte, a 19 de Novembro de 2014

O ALCALDE.

**DILIXENCIA.**- Os presentes Pregos de cláusulas administrativas foron aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 24 de Novembro de 2014

O SECRETARIO